



Imaxe do vídeo de Divulgare.


# O perigo dos gatos nas Illas Atlánticas

O grupo Divulgare da UVigo estrea un vídeo sobre a ameaza das mascotas nos ecosistemas insulares

● Por Redacción | 16/03/2016



Compartido  
96 veces




Publicidade



Escribes ou  
tes un grupo  
musical?

PREMIOS CULTURAIS 2018

Publicidade



CONCELLO DE PONTEVEDRA

PONTEVEDRA 2018



PONTENCIENCIA

GOBIERNO GALEGO INSTITUTO GALEGO DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

FECYT FUNDACIÓN ESPAÑOLA PARA LA CIENCIA Y LA TECNOLOGÍA

GOBERNACIÓN DE PONTEVEDRA

ANÚNCIATE EN  
**GCIENCIA**

Publicidade

A canle de divulgación científica da Universidade de Vigo, Divulgare, estrea o vídeo ‘O perigo das mascotas nas illas’. Este traballo audiovisual “fala dos problemas que, desde o ámbito científico, están a detectarse en relación á posesión e tráfico de mascotas. Nel facemos mención expresa ao problema dos gatos en ecosistemas insulares”, indica Luís Navarro, profesor do departamento de Bioloxía Vexetal.

O vídeo de Divulgare advirte do problema que xeran os gatos nas illas, tras ser abandonados por persoas que as visitan. Os gatos están asilvestrados e están a provocar que outros animais como os anfibios ou as aves non leven ben a presenza dos felinos. O traballo amplía outros vídeo xa feitos sobre os gatos no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia.

Moitos dos felinos, unha vez chegan á súa nova contorna, comezan a competir polos recursos con outros organismos que non están preparados para defenderse dun predador tan eficiente. “Con este vídeo, incómodo para moitos, pretendemos chamar a atención dun problema que está a afectar, agora xa a gran escala, á conservación da nosa biodiversidade. Non é un problema menor e por iso temos que implicarnos en buscar solucións entre todos”, engade.



Publicidade



ESPECIAL 8M



Publicidade



Publicidade

Temas: [Divulgare](#), [gato](#), [Illas Atlánticas](#), [mascota](#), [Universidade de Vigo](#)